



Acta da sesión ordinaria
do pleno nº 06/17

Data 17-08-2017

Acta anterior 08-06-2017

Asistentes:Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral

D. José David Pintor Pazo

D^a María del Carmen Torreiro Cotos

D. Jesús Gómez García

D. José Antonio Cotos Seoane

D^a. Marta García Sánchez

D. Álvaro Xesús García Freire

Concelleiros non asisten:

D. José Emilio Mahía Neira

Secretario

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

Acta pleno 06/2017**Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día dezasete de agosto de dous mil dezasete.**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e tres minuto do día dezasete de agosto de dous mil dezasete, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, reúnese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

1.- Aprobación de actas anteriores (00' 10")

Antes do inicio do debate deste punto da orde do día toma a palabra o concelleiro do BNG, José Antonio Cotos Seoane quen, en resume, manifesta: Que este pleno tiña que terse feito o xoves pasado e que non se lles avisou da súa non celebración. Que se pode cambiar por unha causa xustificada, pero non se nos avisou nin da súa non celebración nin da existencia dunha causa xustificada. Xa ten sucedido noutras ocasións e segue a suceder.

O alcalde contéstalle que tomen as medidas que teñan que tomar e que tamén as tome o sr. secretario, de acordo á gravidade dos feitos.

Mentres abandonan a sesión o alcalde comenta que estaba máis claro cá auga.

Neste momento (01'11") os concelleiros do grupo municipal do BNG D. José Antonio Cotos Seoane, D^a. Marta García Sánchez e D. Álvaro Xesús García Freire, abandonan a sesión.

Ao pouco de saír do salón de plenos o concelleiro Álvaro Xesús García Freire volve a entrar e o alcalde dille que por favor manteña a porta pechada dende fóra., contestando Alvaro García Freire que el abandonou a sesión coma concelleiro, pero que, se quere pode quedar como cidadán preguntando o alcalde ao secretario se é certo, contestando este que entende que como público pode estar.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O alcalde dille ao concelleiro que entón que se sente e que peche a porta contestando Alvaro García Freire que el fai o que lle dá a gana, indicando o alcalde que se toma nota do que acaba de dicir e insistindo en que estaba claro que se ían ir porque hoxe non lles interesa o pleno.

Tendo transcorridos 02'33" continúa o pleno facendo un resume do que pasou.

(Neste momento 02'53" o pleno é interrompido por unha administrativa que realiza una pregunta non relacionada co mesmo, resolta a mesma, reanúdase o pleno aos 03'03")

O alcalde informa de que debe de ser certo que non se lles avisou, que el nese momento estaba de vacacións e que a causa de non facerse o pleno foi precisamente esas vacacións do alcalde e tamén as do secretario, que non se lles avisou e que por iso deciden os membros da oposición ausentarse e que lle parece correcto.

A continuación dá conta de que no pleno anterior entregáralle ao portavoz do BNG a acta 03/2017, pois dixera que non a recibira. A seguir procédese á votación da aprobación no seu caso, do borrador desa acta, a cal resulta aprobada por unanimidade dos asistentes

A continuación procédese ao estudo da última acta, nº 05-2017 de data 08-06-2017.

En relación a esta acta o alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, comenta que na pregunta do camiño de Santiago (9.A.2), el pide dúas cousas, primeiro, fai un resume do proceso de conformación do camiño, pedindo agora que se faga constar na acta ese resume que, basicamente, é o seguinte.

Isto ven do ano noventa e pico e foi publicado no DOG e Vilasantar primeiro non saía e despois si saíu. Fíxose un estudo e por razóns históricas inclúese Vilasantar na delimitación do camiño norte, rota da costa. Esa é a razón pola que se inclúe.

Igualmente quere que se recolla que, cando a gravadora marca 1h 19', o alcalde lle pregunta á oposición se presentaran alegacións nos concellos limítrofes, respondendo o concelleiro do BNG Álvaro García Freire que non se acorda. O alcalde volve a preguntar se houbera algunha reunión dos do camiño de Santiago coa equipa de goberno anterior ao noso, é dicir ao BNG, sobre o camiño de Santiago, respondendo Álvaro García Freire (que era concelleiro daquela e éo agora), literalmente "nin puta idea". O alcalde pide que quede constancia de dita resposta na acta do pleno que se está a aprobar, como referencia á actitude desta xente que acaba de abandonar hoxe a sesión.

Resumindo, propón que se modifique a acta para incluír un resume da conformación do camiño de Santiago e que conste a resposta literal do concelleiro Álvaro García Freire.

Sometida a aprobación a acta nº 05-2017 de data 08-06-2017 coas modificacións propostas, é aprobada por unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das actas da Xunta de Goberno Local. (06' 38")



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

O alcalde dá conta das actas remitidas da Xunta de goberno local, dende a número 11-17 ata a 14/17, incluídas, e máis das actas da Comisión de contas nº 02 e 03 de 2017, o que confirman os concelleiros presentes que é certo.

3.- Aprobación no seu caso da Conta xeral de 2016 (07' 29'')

O alcalde comenta que é obrigatorio presentar a conta xeral para a súa aprobación nuns determinados prazos e aprobala e presentala ao Consello de contas antes do 15-10-2017. Dá conta do procedemento, indicando que a Conta xeral está informada favorablemente pola Comisión de contas o 27 de xuño e foi exposta ao público sen que se presentaran alegacións.

Continúa indicando que Vilasantar cumpre o obxectivo da estabilidade, da regra do gasto e do endebedamento.

Non habendo mais intervencións e sendo as 09' 23'' sométese a votación e por unanimidade dos cinco concelleiros presentes (PP), de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local acórdase:

Primeiro. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016.

Segundo. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Consello de Contas e máis do Tribunal de Contas.

8.- Mocións (09' 43'').

Faise constar que non se presentan mocións.

9.- Rogos e Preguntas (09' 50'')

A/ Preguntas presentadas por escrito (09' 50'').

Faise constar que non se presentaron preguntas por escrito nin antes nin despois da convocatoria, sendo a primeira vez que sucede neste concello.

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández di que había algunhas preguntas que quedaran pendentes do pleno anterior e, despois de asesorarse co secretario, acorda deixalas pendentes para unha videira sesión por non estar presentes os concelleiros que as realizaron.

B/ Preguntas presentadas oralmente (11' 03'').



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A continuación o alcalde do concello Fernando Pérez Fernández di que el tiña pensado realizar unha pregunta ao grupo do BNG, que expón a seguir:

-Se teñen os membros da oposición algún informe ou algún documento do que di a páxina web da deputación da Coruña da visita de dous deputados provinciais do BNG ao concello de Vilasantar o día 26 de xullo para estudar o avance das obras da rede de abastecemento de augas, xa que na propia páxina web da deputación fálase de que estes concelleiros avaliaron o estado das mesmas. Prosegue dicindo que a pregunta é se foi unha visita política ou institucional.

Engade que dende o seu punto de vista consideramos que foi unha visita institucional porque está recollida da páxina web da deputación.

Por ser unha visita institucional, dende o pleno, denunciámos o uso político dunha institución por dous deputados do BNG e por tres concelleiros tamén do BNG.

A continuación fai unha relación dos feitos:

-O 12 de xullo, mércores, recibe un correo electrónico da secretaria da vicepresidencia un correo que lee no que, en resume, se indica que dous deputados provinciais queren visitar o concello o día 19 de xullo ás 5,30 horas da tarde para asinar un convenio de arranxo camiños parcelaria de Armental e visitar a obra da auga. Solicita invitación a todos os grupos políticos e engade “agardo dispoñibilidade”

-O catorce de xullo, venres, contesto ao correo anterior informado da imposibilidade do noso grupo de asistir pola tarde, que si podería ser pola mañá, e ofrecéndose para ir á deputación a asinar o convenio.

-O 19 de xullo recibo outro correo no que se informa (xa non se pregunta) que o vindeiro 26 de xullo, mércores, ás 17 horas para a sinatura na casa do concello do convenio e visita posterior á obra da auga. Ao final indícase que se agarda dispoñibilidade.

-O 21 de xullo contesto ao correo anterior reiterando que polas tardes non podemos asistir a equipa de goberno, e reiteramos que si podería ser en horario de mañá. Engado que para a data proposta, 26 de xullo, a axenda témola ocupada e despois ausentareime intermitentemente ata primeiros de setembro. Manifesto a miña dispoñibilidade para asinar o convenio e, de non ser posíbel, a partir de primeiros de setembro.

-O 24 de xullo á mañá asino o decreto de delegación de funcións para cubrir a miña ausencia do 26 de xullo ao 9 de agosto (incluídos).

-Non hai máis chamadas nin correos da deputación, ata o 26 de xullo en que veñen, segundo di a páxina web, Xosé Regueira e Xesús Soto, deputados do BNG, veñen ao concello de Vilasantar para estudar os avances da rede de abastecemento de augas. Na visita reúnen con tres concelleiros do concello, do BNG, cos que, segundo di a páxina web, avaliaron o estado das obras.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Esta nota sae na páxina web da deputación.

Neste momento é cando nos poñemos en contacto co director da obra e coa empresa que está a executala. O director da obra afirma que ninguén se puxo en contacto con el, e os da empresa din que o 24 pola tarde os avisan da visita, rexeitando a empresa acudir á mesma.

Continúa o alcalde indicando que lle parece unha falta de respecto dos membros da deputación e máis dos concelleiros. Dinnos “agardamos dispoñibilidade” e despois fan o que estiman. Se fora unha visita política non teriamos nada que dicir, pero ao utilizar a páxina da deputación estase utilizando unha institución pública con fins políticos.

Pon a disposición a documentación a que fixo referencia na exposición.

Finalmente volve a preguntar se hai un estudo da avaliación?, por que non se chamou ao director da obra?, por que non veu a empresa? .

Finaliza dicindo que ten algunha pregunta máis pero trátase de respostas a preguntas feitas por eles e parece mellor esperar.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levanta a sesión sendo as trece horas e vinte e catro minutos (duración de 21' 17"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.